

Reunión do Consello de Goberno do 21/10/09

Resumo elaborado polo representante do PAS laboral (Xosé M. Portela).

1.- Informe do Reitor.

Tratou esencialmente de temas académicos. Só vou enumerar os temas que, como PAS, máis directamente nos afectan.

Neste informe interviñeron:

- A Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías
 - Informou sobre os Contratos Programa aínda que non coñece, de momento, a cantidade de propostas presentadas.
- A Vicerreitora de Estudantes informou de que:
 - Se acadou un acordo cos alumnos para a ampliación da apertura das aulas de estudo.
 - Se asinou un programa de mobilidade para o persoal, entre outros o PAS, para estadías noutras universidades dunha semana.
- A Xerente:
 - Informou de que o día 1 de setembro publicouse o Convenio.
 - Acadouse un acordo para as convocatorias de Informática e conserxarías xa enviadas ao BOP.
 - Comprometeuse en enviar ao Comité as propostas para telefonistas e laboratorio.
 - Que se ten previsto comezar coa RPT de PAS Laboral e o Convenio Colectivo xa denunciado.

Desenvolvemento da sesión:

Punto 5.- Profesores honorarios.

- Como sabedes o PDI pode solicitar a xubilación voluntaria aos 60 anos (cobrando todas as cantidades que lles corresponden ate os 65 anos) e logo solicitar continuar como profesores honorarios. Houbo 3 solicitudes e concedéronse as tres.

Punto 9.- Programa de promoción dos Contratados Parga Pondal.

- Son persoal do Capítulo 6 para os que se acorda un incremento na RPT de PDI nas áreas de coñecemento ás que pertencen dun máximo do 30% en 3 anos para ir contratando a este persoal.
 - Neste apartado falei directamente, deixáronme, porque entendín que debería establecer o criterio que nos move ao respecto do persoal pertencente ao capítulo 6 consistente en que parte das prazas deste colectivo, claramente é integrable na RPT de PAS laboral (prazas de apoio nos laboratorios, aulas de Informática...), e considero que outro colectivo, os investigadores, deberían formar, todos, parte da RPT de PDI.
 - Responden que é un esforzo considerable e que abondo se fai con esta alternativa que non recolle a todos pero foi a solución acadada co consenso das partes (UDC-Sindicatos). Poñen de manifesto o xeito de acceso ás prazas, cousa que non puxen en dúbida, eu falo das prazas non da xente, no momento que se integren nos colectivos anteditos estarán suxeitas ao marco regulamentario de cada sector (PAS – PDI).
 - Os representantes do PAS (Felipe, Teresa e eu) abstivémonos.

11.- Aprobación de Mestrados Universitarios

- Teresa pregunta si entran en vigor este curso e respondéronlle que si.

14.- Bolsas propias. Informa a Vicerreitora de Estudantes dos acordos acadados na Comisión de Extensión Universitaria:

- Manter as bolsas de colaboración en departamentos e bibliotecas coas mesmas condicións incrementando a contía.
- Resto das bolsas:
 - Duración: o calendario académico.
 - Horas: de 6 horas, de 8 horas e de 10 horas á semana.
 - Contías: 360 € para as de 10 horas.
 - Convocatorias: unha única convocatoria anual, este ano, como é de transición faranse 2.
 - Creación dunha comisión específica para o tema de bolsas.

Trato de intervir, non me deixan. Paso para quenda aberta de intervencións.

Quenda de intervencións:

Bolsas: declárome a favor das bolsas sempre e cando sexan exclusivamente de formación e non se utilicen para cubrir postos propios do PAS. Nese camiño paréceme ben a redución dos horarios pero isto pode non servir de nada si se continua utilizando esta figura de xeito perverso, para cubrir postos que tería que estar realizando persoal de administración e servizos. Tamén, na medida en que se poidan contratar 3 bolseiros en lugar de 1 poden seguir cubrindo postos de traballo que, en conxunto, cubrirían a xornada completa dese traballador/a que tería que ser fixo/a.

Xa que me toca sigo:

A situación do PAS laboral é crítica, basta como dato que da RPT de 2005 non se publicou, a día de hoxe, ningunha convocatoria a pesar de estar negociadas as das áreas de conserxaría e Informática desde o mes de xullo. Outros datos que profundizan nesta situación son o intrusismo profesional (bolseiros en postos propios do PAS laboral), externalizacións e contratos precarios (tipo labora, acumulación de tarefas etc.). Non se cumpre o compromiso de profesionalizar a xestión.

O reitor está a incumprir, non só o seu programa electoral, senón que tamén os Estatutos da Universidade que establecen a negociación da RPT cada dous anos. Eses mesmos Estatutos son os que nos concursos oposicións pedirase que os candidatos saiban pero que o equipo reitoral parece descoñecer.

Esta circunstancia agrávase polo cese do xerente en maio. Isto provocou que os retrasos se agrandasen. Xa reclamamos diante da Xerencia e do propio reitor que se lle dese solución a esta circunstancia posto que, a diminución nun 50% do persoal supón a parálise desa área de xestión.

Reclamamos que se establezca a situación da Xerencia, se habiliten os postos necesarios para que se poida superar esta crise e se nomee, polo menos de xeito momentáneo, unha persoa que se ocupe exclusivamente de resolver todo o que ten pendente o colectivo de PAS laboral.

Desta problemática xa informamos ao Consello de Goberno e, de xeito especial, o propio Equipo de Goberno sen que, ate este momento se fixese nada.

Contratos programa:

Declaro contrario posto que na práctica totalidade dos casos entendo que son tarefas propias do posto.

Solicito que para as convocatorias de anos sucesivos e antes de facelas se trate o tema coa representación do PAS (Xunta de Persoal e Comité de Empresa).

Apertura das aulas de estudo:

Expreso o meu asombro porque entendo que a Xerencia tería que notificar ao Comité de Empresa esta circunstancia, cousa que non fixo.

Programa de mobilidade para, entre outros o PAS.

Solicito, posto que o que vai facer a persoa que participa é ir a formarse noutra universidade, que o prazo se amplíe e que se realicen máis cursos de idiomas para facilitar esa mobilidade.

Respostas:

Vicerreitor de Planificación Económica, en ausencia de Novas Tecnoloxías.

A Universidade sempre está en disposición de estudar e analizar as convocatorias e Contratos Programa, a porta da Vicerreitora está sempre aberta para a representación dos traballadores e incluso podería participar nesa reunión a Xerenta.

Xerenta:

A Universidade pon todo o que está na súa man para favorecer a formación e mobilidade dos seus traballadores/as, para elo realízanse numerosos cursos de idiomas (francés e inglés).

A ampliación dos horarios de apertura das aulas de estudo é algo habitual, nunca se fixo unha comunicación ao Comité porque sempre se contrataron “controladores” ao marxe das listaxes e da RPT, a única figura, ao seu entender que se axustaría para a súa contratación sería a de “fixo discontinuo”.

Os acordos acadados para próximas actuacións son firmes.

Reitor:

A culpa do retraso ten que ser compartida, o lío non só o xerou a Universidade foi, tamén, provocado por parte do Comité que se liou nun proceso que non controlou, aprobouse o Convenio, agora toca o resto, van as primeiras convocatorias logo virán máis.

Vicerreitora de Estudantes:

As estadias dunha semana son as que establece a normativa.

Volvo a intervir.

Para a apertura fóra de horario habitual das aulas de estudo pode haber outras alternativas que o Comité terá que estudar, sempre e cando coñeza esa circunstancia.

Non se me contestou á parte de incrementar efectivos na xerencia e indico que hai acordos acadados no mes de xullo que aínda non están plasmados en ningún BOP, mostra do retraso que non é achacable ao Comité de Empresa.

A cantinela do retraso compartido está pasando de moda. Podemos dicir que todo vai ir moi ben, xerar expectativas, pero sen os efectivos que precisa a Xerencia e a dedicación que ten que ter á resolución da nosa problemática non imos a ningures.

Xerenta:

Sabe moi ben o representante do Comité de Empresa que se acadaron acordos para as convocatorias de conserxerías e Informática.

Eu:

Sabe a xerenta, porque ela mesma o dixo, que o retraso no envío ao BOP das convocatorias aprobadas no mes de xullo era consecuencia, en parte, de que estivese ela sola na Xerencia.

Reitor:

Estase en vías de solucionar o problema de falta de efectivos na Xerencia.

Felipe:

Pregunta: Cantas persoas están retribuídas con cargo ao capítulo 6?

Vicerreitora de Investigación:

Entre 400 e 500.

Felipe:

Isto é unha bomba de reloxa, entende que é un problema que corresponde solucionar conxuntamente coas outras universidades pero ténselle que atopar unha alternativa.

Vicerreitora de Investigación:

Recoñece que é un problema de grande entidade, que xa o falou con vicerreitores doutras universidades, nalgunha hai ate 1000 persoas neste capítulo e trátase dun problema estrutural que si deberían resolver entre todas as universidades.